



**ESTRATEGIA DE ACTUACIÓN
E ESTUDIO ECONÓMICO**

TOMO VIII



DOCUMENTO PARA APROBACION DEFINITIVA

XULLO 2009
CONCELLO DE LAXE



**XUNTA
DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERREITORIO E INFRAESTRUTURAS

P . X . O . M .



CONCELLO DE LAXE
PROVINCIA DE A CORUÑA

DIRECTOR DO EQUIPO:

ALFREDO GARROTE PAZOS

Col.: 1440

ARQUITECTOS COLABORADORES:

MONICA MESEJO CONDE

Col.: 1475

IRIA PÉREZ MIRANDA

Col.: 3194

	páxina
A. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN:	1
1. LISTADO DE ACTUACIÓN DE DESENVOLVEMENTO PREVISTAS	2
1.1. Áreas de solo urbano non consolidado	2
1.2. Sectores de solo urbanizable delimitado	3
1.3. Sistemas xerais de nova creación	4
1.3.1. Sistema xeral viario	4
1.3.2. Sistema xeral de espazos libres e zonas verdes	5
1.3.3. Sistema xeral de equipamentos	5
1.3.4. Sistema xeral de infraestruturas básicas e esvivos	6
2. REFORZOS ESTRUTURAIS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SECTORES OU ÁMBITOS DE PLANEAMENTO	9
2.1. Solo urbano non consolidado	9
2.2. Solo urbanizable delimitado	10
3. RELACIÓN DE ACTUACIÓN URBANÍSTICAS PROGRAMADAS	11
3.1. Actuación públicas supramunicipais programadas	11
3.2. Actuación públicas municipais programadas	14
3.3. Actuación privadas concertadas	17
3.4. Sistemas xerais incluídos ou adscritos ao desenvolvemento dos sectores de solo urbanizable delimitado	17
B. ESTUDIO ECONÓMICO	20
1. CUSTO ECONÓMICO PREVISTO PARA CADA UNHA DAS ACTUACIÓN DO PXOM	20
1.1. Prezos unitarios	20
1.2. Custo de cada unha das actuacións previstas	27
1.3. Costo total das actuacións previstas (taboas)	34
2. INICIATIVA DE FINANZAMENTO	35
3. ANÁLISE DA CAPACIDADE FINANCEIRA MUNICIPAL	38

ANEXO:

XUSTIFICANTES DOS DATOS UTILIZADOS PARA ANALIZAR A CAPACIDADE FINANCEIRA MUNICIPAL

- 2.1. RESUMOS DOS ORZAMENTOS E LIQUIDACIÓN DOS ANOS 1999 A 2006
- 2.2. GASTOS DOS CAPÍTULO 3 E 9 DOS ORZAMENTOS CORRESPONDENTES AOS EXERCICIOS 1999 A 2006

A. ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN

O artigo 60º da Lei 9/2002 nos puntos 1 e 2 fai referencia á estratexia para o desenvolvemento coherente do plan e en particular á determinación “dos sistemas xerais que deban crearse necesariamente para o desenvolvemento das áreas de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable delimitado” (art. 60º.1).

“Así mesmo, determinarán os ámbitos de actuación preferentes en solo urbano non consolidado e en solo urbanizable delimitado, para os que deberán fixarse os prazos e as condicións en que teñan que ser executadas as actuacións públicas programadas ou privadas concertadas cos particulares, así como as determinacións da ordenación detallada sen necesidade de remisión ó planeamento de desenvolvemento” (art. 60º.2).

De acordo coas determinacións enunciadas anteriormente e có establecido no prego de prescricións técnicas que rexen a redacción do plan xeral de ordenación municipal de Laxe imos establecer as previsións para o desenvolvemento coherente do PXOM ordenándoas do seguinte xeito:

- 1.- Listado no que estean recollidas todas as actuacións de desenvolvemento previstas: áreas de solo urbano non consolidado, sectores de solo urbanizable e novos sistemas xerais.
- 2.- Para cada actuación de desenvolvemento urbanístico expresaranse as actuacións infraestruturais que se deben realizar previa ou simultaneamente.
- 3.- A relación de actuacións urbanísticas programadas, indicando as preferentes expresando para cada unha delas o motivo da prioridade, os prazos para o seu desenvolvemento e as condicións establecidas para o mesmo.

1.- LISTADO DE ACTUACIÓN DE DESENVOLVEMENTO PREVISTAS

1.1. ÁREAS DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO.

ACTUACIÓN	SUP. (m ²)	USO E TIPOLOXÍA CARACTERÍSTICA	m ² CONST.	PREVISIÓN DE OBRAS DE REFORZO.	CARACTERÍSTICAS E OBJECTIVOS DA ORDENACIÓN	PRAZO PARA AP. DO PERI (DENDE A ENTRADA EN VIGOR DO PXOM)
PERI Nº1	18.608	Vivenda colectiva en edificación aberta ou semiaberta	(0,50m ² /m ²) 9.304	- Abastecemento de auga. - Evacuación de augas pluviais.	Completar o tecido urbano nun ámbito moi céntrico da Vila de Laxe, e a previsión da apertura dunha nova vía que unirá a rúa Atalaia e a avd. Isidro Parga Pondal, completando a estrutura viaria desta zona.	- Catro anos. ACTUACIÓN PREFERENTE
PERI Nº2	3.755	Vivenda unifamiliar e colectiva en edificación aberta e semiaberta	(0,50m ² /m ²) 1.877,50	- Abastecemento de auga. - Evacuación de augas residuais e pluviais.	Apertura viaria entre as rúas Agra de Abaixo e Hospital e a consecución de dotacións urbanísticas.	- Seis anos
PERI Nº3	4.670	Vivenda unifamiliar e colectiva en edificación aberta e semiaberta	(0,50m ² /m ²) 2.335	- Abastecemento de auga. - Evacuación de augas residuais. - Evacuación de augas pluviais.	Resolver a transición entre os quinteiros compactos e a zona de vivenda unifamiliar buscando a comunicación entre a rúa Vila Amparo e a trav. Campo do Rego.	- Seis anos
PERI Nº4	30.500	Vivenda colectiva en edificación aberta ou semiaberta	(0,50m ² /m ²) 15.250	- Abastecemento de auga. - Evacuación de augas residuais. - Evacuación de augas pluviais.	Reordenar este ámbito no que na actualidade existen varias edificacións fora de ordenación.	- Seis anos

1.2. SECTORES DE SOLO URBANIZABLE DELIMITADO.

ACTUACIÓN	SUP. (m ²)	USO E TIPOLOXÍA CARACTERÍSTICA	m ² CONST.	S.X. INCLUIDO E/ OU ADSCRITO.	PREVISIÓN DE OBRAS DE REFORZO.	CARACTERÍSTICAS E OBXECTIVOS DA ORDENACIÓN	PRAZO PARA AP. DO P.P. (DENDE A ENTRADA EN VIGOR DO PXOM)
S. UBLE 1	39.391,77	Vivenda colectiva en edificación aberta ou semiaberta	(0,14m ² /m ²) 5.514,85	Incluído: - EQ-11 (14.600m ²) Deportivo - Ampliac. SX AC-431 Adscrito: - ZV-5 (45.805m ²)	- Sistema xeral viario. - Abastecemento de auga.	Creación dunha gran zona verde que una os dous ámbitos de solo urbano da Vila de Laxe, así como a consecución dos terreos necesarios para a construción dun campo de fútbol. Ubicarase a zona destinada a uso residencial completando a trama urbana da Vila.	- Catro anos. ACTUACIÓN PREFERENTE
S. UBLE 2	17.674	Vivenda unifamiliar e colectiva en edificación aberta e semiaberta	(0,40m ² /m ²) 7069,60	Adscrito: - ZV-9A (2.987m ²) -ZV-9B (8.428m ²)	- Abastecemento de auga. - Evacuación de augas residuais e pluviais.	Dar un axeitado remate á trama urbana na zona norte da Vila completando un baleiro existente. Creación de espazos libre e equipamentos ó servizo desta zona da Vila.	- Catro anos. ACTUACIÓN PREFERENTE
S. UBLE 3	17.394,85	Vivenda unifamiliar e colectiva en edificación aberta e semiaberta	(0,30m ² /m ²) 5.218,45	Incluído: - tramo do SX V-02	- Sistema xeral viario - Abastecemento de auga. - Evacuación de augas residuais.	Completar o tecido urbano na zona central da Vila, proporcionando continuidade a varias rúas que rematan nesta zona. Creación de dotacións urbanísticas..	- Seis anos
S. UBLE 4	51.235,93	Vivenda unifamiliar e colectiva en edificación aberta e semiaberta	(0,30m ² /m ²) 15.370	Incluído: - EQ-11 (7.573m ²) Asistencial Adscrito: - ZV-7 (52.634m ²)	- Sistema xeral viario. - Abastecemento de auga. - Evacuación de augas residuais e pluviais.	Completar e rematar o tecido urbano de vivendas unifamiliares co obxectivo de crear unha gran zona verde na ladeira do monte de Santa Rosa así como a consecución dos terreos necesarios para a construción dun centro asistencial para a terceira idade.	- Seis anos
S. UBLE 5	59.142	Industrial.	(0,50m ² /m ²) 15.250		- Evacuación de augas residuais.	Forma parte das propostas previstas no Plan Sectorial de Ordenación territorial de áreas Empresariais no ámbito da C.A. de Galicia.	- Seis anos

1.3. SISTEMAS XERAIS DE NOVA CREACIÓN E AMPLIACIÓN.

1.3.1. SISTEMA XERAL VIARIO. (NOVAS ACTUACIÓN)

ACTUACIÓN	CLASE DE SOLO	SUPERFICIE (m ²)	FINANZAMENTO	ACTUACIÓN PRIORITYARIAS
AMPLIACIÓN AC-431 E ACCESOS A EQUIPAMENTOS	URBANIZABLE 1	1.130	INCLUIDO NO SECTOR UBLE Nº1.	
	S. RÚSTICO (CARRIL ACELERACIÓN E DECELERACIÓN DE ACCESO AOS EQUIPAMENTOS)		CONCELLO. A executar xunto cos equipamentos EQ-7 e EQ-8.	
ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA AC-433. LAXE- PONTE DO PORTO.	S.RÚSTICO	-	XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE POLITICA TERRITORIAL OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES.	PROXECTO APROBADO
02-198.06 CAMIÑO MÓRDOMO CAMELLE	S. RÚSTICO	-	XUNTA DE GALICIA. CONSELLERÍA DE POLITICA TERRITORIAL OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES.	PROXECTO EN FASE DE REDACCIÓN.
MELLORA DA CP-4001	S. RUSTICO	2.663ml	CONCELLO	
	S. N. RURAL	664ml		
VIAL 01 (SANTA ROSA)	S. RUSTICO	9.280	CONCELLO	ACTUACIÓN PREFERENTE
VIAL 02	S. RUSTICO	1.680	IMPUTADO AO S. UBLE Nº 3	
	S. UBLE	714		
VIAL 03	S. RUSTICO	2.506	IMPUTADO AO S. UBLE Nº 4	
	S. UBLE	714		
MELLORA DO VIAL 04 (a Soesto)	S. RUSTICO	2.177ml	CONCELLO	
	S. N. RURAL	294ml		
MELLORA DO VIAL 5 (Matío- Aplazadorio)	S. RUSTICO	1700ml	CONCELLO	
	S. N. RURAL	220ml		
MELLORA DA VIAL 06 (Coens- Rens)	S. RUSTICO	2.543ml	CONCELLO	
	S. N. RURAL	552ml		

1.3.2. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES (NOVAS ACTUACIÓNS)

ACTUACIÓN	CLASE DE SOLO	SUPERFICIE (m ²)	MODO DE OBTENCIÓN	ACTUACIÓNS PRIORITARIAS
ZV-5 (PRAIA DE LAXE)	S. RÚSTICO	45.805	ADSCRITO AO SECTOR UBLE Nº1.	ACTUACIÓN PREFERENTE
ZV-6 (MONTE DA INSUA)	S. RUSTICO	304.658	PROPIEDAD MUNICIPAL.	
ZV-7 (SANTA ROSA)	S. RUSTICO	52.634	ADSCRITO AO SECTOR UBLE Nº4.	
ZV-8 (INSUA II)	S. RUSTICO	57.511	EXPROPIACIÓN	
ZV-9A (INSUA III)	S. RUSTICO	2.987	ADSCRITO AO SECTOR UBLE Nº2.	ACTUACIÓN PREFERENTE
ZV-9B (INSUA III)	S. RUSTICO	8.428	ADSCRITO AO SECTOR UBLE Nº2.	ACTUACIÓN PREFERENTE
ZV-10 (TORRE VIRTUDES)	S. RUSTICO	17.500	PROPIEDAD MUNICIPAL	PROXECTO EN FASE DE REDACCIÓN
ZV-11 (MATIO)	S. RUSTICO	3.000	PROPIEDAD MUNICIPAL	PROXECTO EN FASE DE REDACCIÓN

1.3.3. SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS (NOVAS ACTUACIÓNS)

ACTUACIÓN	CLASE DE SOLO	SUPERFICIE (m ²)	MODO DE OBTENCIÓN	ACTUACIÓNS PRIORITARIAS
EQ-06 (S- Cult). Centro Socio Cultural praza dos Voluntarios	S. URBANO	823	PROPIEDAD MUNICIPAL	
EQ-07 (Deportivo) xunto piscina	S. RÚSTICO	3.706	PROPIEDAD MUNICIPAL	
EQ-08 (Deportivo) xunto piscina	S. RÚSTICO	2.017	PROPIEDAD MUNICIPAL	
EQ-09 (Asist.) en cabo da Area	S. URBANO	1.890	PROPIEDAD MUNICIPAL	
EQ-10 (Dep.) Campo de futbol.	S. URBANIZABLE	14.600	INCLUIDO NO SECTOR UBLE Nº1	ACTUACIÓN PREFERENTE
EQ-11 (Asist) Centro terceira idade en Santa Rosa	S. URBANIZABLE	7.573	INCLUIDO NO SECTOR UBLE Nº4	ACTUACIÓN PREFERENTE
EQ-12 (S- Cult.) Museo do Mar	S. URBANO	127	PROPIEDAD MUNICIPAL	EN FASE DE EXECUCIÓN
EQ-14 (Cemiterio) en Traba	S. URBANO	5.351	PROPIEDAD MUNICIPAL	ACTUACIÓN PREFERENTE
EQ-15 (Servizos do litoral)	S. RUSTICO	60.000	DEMARCAÇÃO DE COSTAS DE A CORUÑA	

1.3.4. SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS BÁSICAS E SERVICIOS.

SANEAMENTO

Por parte da empresa de enxeñería “SINGLA ingeniería S.L.” elaborouse un anteproxecto de saneamento integral do Concello de Laxe. O seu contido foi resumido no punto 5.5. do apartado A da memoria relativo á INFORMACIÓN URBANÍSTICA, e consta reflectido nos planos de ordenación converténdose nunha determinación do PXOM.

Dito proxecto constaba inicialmente de dúas fases:

- 1ª FASE: Consistente en:

- rede de augas fecais da Vila de Laxe
- rede de augas fecais Serantes- Sarces
- rede de augas pluviais da Vila de Laxe
- pozos de bombeo de Serantes a Laxe
- EDAR de Laxe

- 2ª FASE: Consistente en:

- rede de augas fecais de Traba, Nande e Soesto
- pozos de bombeo
- EDAR de Traba
- EDAR de O Centeal

Con este anteproxecto solicitouse financiamento á Xunta de Galicia por medio do ente AUGAS DE GALICIA. Por problemas orzamentarios, a Xunta de Galicia suxeriu a división do anteproxecto orixinal de dúas fases en tres:

- 1ª FASE: Comprende as seguintes actuacións:

- construción dun colector xeral que discorre polo paseo marítimo, avd Cesáreo Pondal e Rosalía de Castro
- estacións de bombeo en Serantes e Laxe
- construción da EDAR de Laxe

Este PROXECTO PARCIAL DE MELLORA DO SANEAMENTO DA VILA DE LAXE ten un orzamento de 989.572€ e estase executando na actualidade.

-2ª FASE: Comprende as seguintes actuacións:

- rede de augas fecais do resto da Vila de Laxe
- rede de augas pluviais da Vila de Laxe
- rede de augas fecais en Serantes e Sarces

Cun orzamento de 1.796.917€

- 3ª FASE (antiga 2ª fase): Actuacións:

- rede de augas fecais de Traba, Nande e Soesto
- pozos de bombeo
- EDAR de Traba
- EDAR de O Centeal

Cun orzamento de 2.060.351€

A primeira das tres fases do proxecto integral ten CARACTER PREFERENTE estándose xa a realizar as obras.

ABASTECIMIENTO DE AUGA.

PLAN DE MELLORA E AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMIENTO

No pleno municipal celebrado o 26 de novembro de 2007 aprobouse a primeira fase do plan de mellora e ampliación da rede de abastecemento da auga. A descrición detallada desta primeira actuación realizouse no apartado 5.9 da memoria e o prazo de execución previsto para a execución destas obras é de oito meses.

As Obras forman parte do “Plan Director da Rede de Abastecemento de Auga Potable de Laxe” elaborado polo Concello mediante encargo realizado á empresa AQUAGEST no ano 2004.

A inversión prevista para esta primeira fase é de 700.000€ e conta cun compromiso por parte da Xunta de Galicia. Trátase dunha obra de CARACTER PREFERENTE que se prevé executar o longo do ano 2008.

REFORZO DA REDE DE ABASTECIMIENTO PREVISTO NO PXOM

Ademais desta mellora o PXOM propón actuacións de reforzo para o abastecemento dos novos ámbitos de desenvolvemento previstos, consistente na execución de dúas novas canalizacións de HF DN 100mm, abastecendo aos ámbitos na zona norte e sur independentemente.

Tal e como se detalla no apartado 3.6. da memoria o presuposto de contrata deste reforzo ascende a 247.583,16€ e impútase aos distintos ámbitos os que serve. Repartíndose dun xeito proporcional á súa capacidade residencial.

ÁMBITO		Superficie residencial		Custo imputable	
		m ²	%	€	%
SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	PERI N°1	9.304	15,02%	37.189,44	15,02%
	PERI N°2	1.877	3,03%	7.502,64	3,03%
	PERI N°3	2335	3,77%	9.333,33	3,77%
	PERI N°4	15.250	24,63%	60.956,46	24,63%
SOLO URBANIZABLE DELIMITADO	UBLE- 1	5.515	8,90%	22.044,25	8,90%
	UBLE- 2	7.070	11,41%	28.259,82	11,41%
	UBLE- 3	5.218	8,42%	20.857,10	8,42%
	UBLE- 4	15.371	24,82%	61.440,12	24,82%
TOTAL		61.940	100%	247.583,16€	100%

Establécense as porcentaxes imputables a cada un dos ámbitos pendentes de desenvolvemento. O custo económico poderá ser recalculado trala redacción do correspondente proxecto de execución.

Esta actuación resulta necesaria e imprescindible para o desenvolvemento dos ámbitos de solo urbano non consolidado e dos sectores de solo urbanizable delimitado. Debido á súa división física entre a arteria que abastecerá aos ámbitos da zona norte e a arteria que abastecerá aos do sur, a súa execución pode realizarse de xeito conxunto ou dacordo coas necesidades que os desenvolvementos xeren.

En canto á operatividade do sistema, dispoñeráse no seu momento dende o Concello. Nembargantes, o máis lóxico é que os primeiros desenvolvementos que se levan a cabo, que en principio serán os considerados coma “actuacións preferentes”, acometan a totalidade da infraestrutura necesaria en cada caso, reservándose unha cuota de “resarcimento”. Esta se cobrará por parte dos promotores da actuación, no momento en que se desenvolvan os outros ámbitos que se favorecen da conexión cuxo custo foi adiantado polo ámbito que adiantou o seu custo.

2. REFORZOS INFRAESTRUTURAIIS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DOS SECTORES OU ÁMBITOS DE PLANEAMENTO.

2.1. SOLO URBANO NON CONSOLIDADO.

Como xa temos explicado, prevense catro actuacións en solo urbano non consolidado, pendentes en tódolos casos de ordenación pormenorizada por medio do correspondente PERI.

ÁMBITO	ACTUACIÓNS INFRAESTRUTURAIIS NECESARIAS.	
	ABASTECIMIENTO DE AUGA	SANEAMENTO
PERI Nº1	Custeará o 15,02% das novas canalizacións de auga previstas no PXOM.	PLUVIAIS: Ampliarase a rede existente na rúa Cesáreo Pondal 50ml cara o norte. Tubería de PVC Ø400
PERI Nº2	Custeará o 3,03% das novas canalizacións de auga previstas no PXOM.	RESIDUAIS E PLUVIAIS: Realizaranse dúas novas canalizacións, PVC Ø315 (fecais) e PVC Ø400 (pluv.) que descorrerán polas rúas Agra de Abaixo, Camiño da Besugueira e Real, cun percorrido aproximado de 230ml. (Esta actuación dará servizo tamén ao S Uble nº2. Proporcionalmente á súa capacidade residencial o PERI nº 2 sufragará o 20,98% da inversión).
PERI Nº3	Custeará o 3,77% das novas canalizacións de auga previstas no PXOM.	RESIDUAIS: Realizarase unha nova canalización de PVC Ø315, que discorrerá pola rúa Vila Amparo ata Cesáreo Pondal, cun percorrido aproximado de 200ml. (Esta actuación dará servizo tamén ao S. Uble nº4. Proporcionalmente á súa capacidade residencial o PERI nº3 sufragará o 13,19% da inversión).
PERI Nº4	Custeará o 24,63% das novas canalizacións de auga previstas no PXOM.	RESIDUAIS: Realizarase unha nova canalización de PVC Ø315, que discorrerá pola avd. Isidro Parga Pondal e rúa José Vidal ata o colector da rúa Cesáreo Pondal, cun percorrido aproximado de 290ml. PLUVIAIS: Realizarase unha nova conducción de PVC Ø400 polas rúas Isidro Parga Pondal ata a rúa Cruceiro onde conectará coa rede existente, cun percorrido aproximado de 220ml.

A totalidade dos solos urbanos non consolidados están integrados na malla urbana da Vila de Laxe, deste xeito a conexión co sistema xeral viario prodúcese no borde de cada un dos ámbitos non sendo necesarios os reforzos de viais.

2.2. SOLO URBANIZABLE DELIMITADO.

As actuacións nesta clase e categoría de solo, son de maior importancia, xa que nalgún caso resulta necesario facer previsións de actuación na rede viaria e nas infraestruturas, obrigando a facer reforzos. Estas actuacións achéganse no cadro seguinte.

SECTOR	ACTUACIÓNS INFRAESTRUTURAS NECESARIAS.		
	VIARIO	ABASTECEM. DE AUGA	SANEAMENTO
S. UBLE 1	- Prevese o reforzo da estrada AC-431. - Unha única conexión con carrís de aceleración e deceleración.	Custeará o 8,90% das novas canalizacións de auga previstas no PXOM.	-
S. UBLE 2	-	Custeará o 11,41% das novas canalizacións de auga previstas no PXOM.	RESIDUAIS E PLUVIAIS: Realizaranse dúas novas canalizacións, PVC Ø315 (fecais) e PVC Ø400 (pluv.) que discorrerán polas rúas Agra de Abaixo, Camiño da Besugueira e Real, cun percorrido aproximado de 230ml. (Esta actuación dará servizo tamén ao PERI nº2. Proporcionalmente á súa capacidade residencial o Uble nº 2 sufragará o 79,02% da inversión).
S. UBLE 3	- SX V-02.	Custeará o 8,42% das novas canalizacións de auga previstas no PXOM.	RESIDUAIS: Realizarase unha nova canalización de PVC Ø315 que discorrerá pola rúa Río cun largo duns 135ml.
S. UBLE 4	- S.X. V-03	Custeará o 24,82% das novas canalizacións de auga previstas no PXOM.	RESIDUAIS: Para a conexión da zona norte do sector realizarase unha nova canalización de PVC Ø315 que discorrerá polas rúas Ermida, Luna e do Cantón ata a rúa Rosalía de Castro (cunha lonxitude de 240ml). Para a conexión da zona sur realizarase un colector de PVC Ø315 pola travesía de Vila Amparo e pola rúa Vila Amparo cun percorrido aproximado de 335ml. (Esta segunda actuación dará servizo tamén ao PERI nº3. Proporcionalmente á súa capacidade residencial o S. Uble nº4 sufragará o 86,81% da inversión). PLUVIAIS: Construírse unha canalización que discorrerá en paralelo á rede de fecais (240ml) ata a rúa Rosalía de Castro. Tamén é necesaria a ampliación en 50ml da rede existente na subida dos Plazuelas. PVC Ø400.
S. UBLE 5	-	-	Implantación dunha depuradora compacta para o tratamento das augas residuais así como unha balsa de decantación para a recollida das augas pluviais.

Ao igual que no caso do reforzo na rede de abastecemento, a operatividade deste sistema deseñárase no seu momento dende o Concello, resultando o máis lóxico, nos casos en que o reforzo previsto de servizo a varios ámbitos, que o primeiro en ser desenvolvido a cometa a totalidade da infraestruturas, reservándose unha cuota de “resarcemento” que se cobrará no momento de desenvolver o outro ámbito que se favorece da nova conexión.

3. RELACIÓN DE ACTUACIÓNS URBANÍSTICAS PROGRAMADAS.

3.1. ACTUACIÓNS PÚBLICAS SUPRAMUNICIPAIS PROGRAMADAS.

3.1.1. ACONDICIONAMENTO ESTRADA AC-433. PONTE DO PORTO- LAXE.

Estase a redactar na actualidade o proxecto de Acondicionamento da estrada AC-433, Ponte do Porto (432)- Laxe (AC431), por parte da Subdirección de Estradas, da Dirección Xeral de Obras Públicas da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia.

Esta actuación consiste na mellora da estrada AC-433, que en parte discorre no término municipal de Laxe atravesándoo de norte a sur. A proposta no trazado neste municipio consiste na reforma da estrada actual e a execución de sendas variantes nos núcleos de Canle- Cabana- Conlle na parroquia de Serantes e en Castelo na parroquia de Sarces que evitan o paso polo interior das zonas nas que existen vivendas. Outras actuacións de interese consisten na dotación de acceso á actuación industrial prevista en Serantes e a resolución do nó de enlace coa estrada provincial CP-4001.

O proxecto se está redactando pola empresa CIESA, *Consultora de ingeniería y empresa s.l.* e o seu orzamento ascende a cantidade de 2.513.319,24€ que será sufragado integramente pola Xunta de Galicia.

3.1.2. ACONDICIONAMENTO CAMIÑO MÓRDOMO- CAMELLE. CLAVE 02-198.06.

A Xunta de Galicia, Consellería de política territorial, obras públicas e transporte, está en fase de redacción do proxecto de “Acondicionamento do camiño entre Mordomo (Laxe) e Camelle (Camariñas)” de clave AC/02/198.03, que ten parte do seu trazado no termo municipal de Laxe, en paralelo a costa na súa vertente máis occidental por debaixo dos Penedos de Traba.

No informe da Dirección Xeral de Obras Públicas, de 24 de maio de 2007, consta expresamente que os custos de execución desta obra poden imputarse no estudo económico financeiro do Plan xeral á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Aínda que unha vez rematada non formará parte da rede de titularidade autonómica.

O presuposto de execución material deste proxecto (que afecta a varios Concellos) ascende a cantidade de 171.634,45€, cunha ratio aproximada de 71.105,70€/Km. No Concello de Laxe ten un percorrido de pouco menos de dous quilómetros, dende as proximidades do núcleo rural de Mórdomo ata o veciño Concello de Vimianzo pola costa a carón dos Penedos de Traba.

3.1.3. EQUIPAMENTO DE USOS DO LITORAL.

No PXOM prevese a creación dunha gran área de equipamento para os usos do litoral na praia de Soesto.

Esta reserva cunha superficie de 60.000m² fase a proposta da Demarcación de Costas do Estado en Galicia coa intención de eliminar o actual aparcamento e área de lecer que se atopa moi cerca do areal da praia de Soesto e do Rego de Soesto e realizar unha intervención na parte posterior que dote dos servizos necesarios ao areal dun xeito menos agresivo, coa ubicación de aparcamentos, aseos, áreas de lecer, esparcemento, etc.

3.1.4. PROXECTO PARCIAL DE MELLORA DO SANEAMENTO DA VILA DE LAXE.

Existe un proxecto integral de saneamento para o Concello de Laxe, descrito no apartado 5.5. da primeira parte da memoria deste PXOM.

A primeira fase desta actuación consistente na mellora e reforzo da rede da Vila de Laxe e construción dunha Estación depuradora, foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia en decembro de 2004, e xa está executada na actualidade por parte da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

3.1.5. PLAN DE MELLORA E AMPLIACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO.

No pleno municipal celebrado o 26 de novembro de 2007 aprobouse a primeira fase do plan de mellora e ampliación da rede de abastecemento da auga, cunha inversión de 700.000 euros comprometida pola Xunta de Galicia.

As obras forman parte do “Plan Director da Rede de Abastecemento de Auga Potable de Laxe” elaborado polo Concello mediante un encargo realizado á empresa AQUAGEST no ano 2004.

Esta primeira actuación, descrita no apartado 5.9 da primeira parte da memoria, inclúe obras en Laxe, Cabo da Area, Serantes, A Torre, Soesto e Castrelo para solucionar os problemas de presión de auga na rede, prolongar e mallar a rede e dar resposta ás previsións de crecemento da poboación tanto permanente como estacional.

O proxecto, elaborado pola Empresa AQUAGEST, ten un prazo estimado de execución das obras de oito meses estando previsto que se atope rematado a finais do ano 2008.

3.1.6. PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DAS ÁREAS EMPRESARIAIS NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

O solo urbanizable delimitado nº 5 de uso industrial é unha previsión do PLAN SECTORIAL DE ORDENACIÓN DE ÁREAS EMPRESARIAIS NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, documento que foi aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 27 de maio de 2004.

As características desta actuación explícanse no punto 4.2. do apartado C da memoria do PXOM.

En canto os prazos para o seu desenvolvemento e as condicións específicas establecidas para esta actuación, tan só cumpre sinalar que no punto 6.5. do Plan Sectorial no que se detalla o seu desenvolvemento establécese o seguinte:

“O Plan será promovido e desenvolvido pola iniciativa pública, sendo o seu promotor o Instituto Galego de Vivenda e Solo. As actuacións desenvolveranse por expropiación forzosa, correspondéndolle ó Instituto Galego de Vivenda e Solo a tramitación dos expedientes expropiatorios como Administración actuante.

Para os efectos da execución do Plan Sectorial prevese a intervención como órganos xestores de distintos operadores públicos: Instituto Galego de Vivenda e Solo, Xestur A Coruña S.A., Xestur Lugo S.A., Xestur Ourense S.A., Xestur Pontevedra S.A. e a sociedade “Suelo Empresarial del Atlántico S.L.”, así como doutras entidades ou empresas públicas,-incluso das constituídas polas administracións locais-. O IGVS como órgano promotor asignará a participación das distintas entidades xestoras.

De acordo co establecido no artigo 8.3. do Decreto 30/2000, o Plan Sectorial desenvolverase mediante Proxectos Sectoriais que haberán de xustificar a compatibilidade dos mesmos co resto de Plans e Proxectos sectoriais”.

Esta determinación recóllese no PXOM no solo urbanizable delimitado nº 5, que tamén poderá ser desenvolvido mediante o correspondente Plan Parcial.

3.1.7. ACTUACIÓNS PREFERENTES

As actuacións preferentes de carácter supramunicipal son as correspondentes á mellora e reforzo das redes de servizos urbanísticos, a este respecto e cumpre destacar que o proxecto parcial de mellora do saneamento da Vila de Laxe xa está na actualidade en execución, e o plan de mellora e ampliación da rede de abastecemento xa foi aprobado por pleno, cunha inversión comprometida pola Xunta de Galicia, para o ano 2008.

O prazo de execución do acondicionamento da estrada AC-433, no que se prevén as necesarias variantes en varios do núcleos rurais do Concello, é de 18 meses dende a súa aprobación.

A totalidade das actuacións aquí previstas cuxo orzamento teñen atribuídas as administracións supramunicipais, contan coa conformidade das mesmas.

3.2. ACTUACIÓNS PÚBLICAS MUNICIPAIS PROGRAMADAS.

3.2.1. VIAL V-01 (SANTA ROSA)

Proponse no PXOM o reforzo dunha vía municipal que sirva de acceso á zona norte da Vila de Laxe, enlazando a estrada AC-433, no lugar de Piñeiro, có norte, no miradoiro da cruz, o trazado discorre na súa maior parte sobre camiños xa existentes e bordea o monte de Santa Rosa pola ladeira occidental.

A execución deste vial resulta primordial para o correcto desenvolvemento da Vila de Laxe de xeito que a zona norte quede directamente comunicada coa estrada AC-433. A este tenor cumpre sinalar que dende esta vía se crean os accesos directos aos diferentes desenvolvementos plantexados na zona oeste da Vila. Trátase pois dunha actuación preferente a executar polo Concello.

3.2.2. EQ-14. CEMITERIO MUNICIPAL EN TRABA

O Concello prevé a construción dun cemiterio municipal na parroquia de Traba. Xa que o actual, de titularidade privada- parroquial, está saturado cun preocupante déficit de enterramentos.

A este respecto cumpre destacar que o Concello de Laxe carece de cemiterio municipal cos servizos esixibles pola normativa de policía mortuoria. Debido a que na parroquia de Laxe non se puido acadar no PXOM a ubicación para un novo cemiterio, a creación deste cemiterio en Traba convértese nunha actuación preferente.

Na actualidade o Concello conta cos terreos, algo máis de 5.000m² nas proximidades do actual cemiterio parroquial téndose redactado un anteproxecto cun PEM de 605.265,91€.

3.2.3. SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES: ZV-06, ZV- 08, ZV-10 E ZV-11.

Os espazos libres integrantes do sistema xeral denominados ZV-6 (Monte da Insua), ZV-10 (Torre- Virtudes) e ZV-11 (Matío), sitúanse en terreos propiedade municipal, será necesario polo tanto tan só a súa urbanización dacordo co disposto no Capítulo IV do título VI da Normativa.

O sistema xeral ZV-8 (Monte da Insua II), sitúase na península da Insua e completará o parque previsto nesta zona, sitúase en terreos de titularidade privada, o sistema de obtención previsto é a expropiación, e será necesaria a súa posterior urbanización dacordo co disposto no Capítulo IV do título VI da Normativa.

3.2.4.CARRIS DE ACELERACIÓN E DECELERACIÓN DE ACCESO AOS EQ-07 E EQ-08.

Os equipamentos de sistema xeral previstos no PXOM denominados EQ-07 e EQ-08, xunto coa piscina municipal existente deberán contar cun único acceso dotado de carrís de aceleración de deceleración, dacordo có contido no informe da Dirección Xeral de Obras Públicas da CPTOPT.

A execución deste carril quedará vinculada a creación destes dous novos equipamentos debendo simultanearse coa construción das novas dotacións.

3.2.5. SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS: EQ-06, EQ-07, EQ-08, EQ-09, EQ-12 E EQ-14. O CASO DO EQ-10 E EQ-11.

O equipamentos integrantes do sistema xeral denominados EQ-06, centro socio- cultural na pz. Dos Voluntarios, EQ-07 e EQ-08 equipamentos deportivos a carón da piscina municipal, EQ-09, equipamento asistencial en Cabo da Area, EQ-12 Museo do Mar e o EQ-14 Cemiterio en Traba, sitúanse en terreos de titularidade municipal.

As actuacións preferentes nesta materia correspóndense cos equipamentos denominados EQ-10, EQ-11.

O EQ-10 cuxo destino é a construción dun campo de fútbol. É un sistema xeral incluído no solo urbanizable nº 1 (actuación de desenvolvemento de carácter preferente). A Deputación de A

Coruña financiará 600.000€ desta actuación, o que supón o 74,72% do custo total do proxecto, o resto será sufragado polo concello, uns 200.000€.

O proxecto inclúe ademais da creación da área de xogo de herba artificial a construción das bancadas e a instalación da iluminación, segundo o documento técnico redactado pola empresa Singla Enxeñería a petición do Concello.

O EQ-11, trátase de novo dun sistema xeral incluído no solo urbanizable nº4 e nel prevese a implantación dun centro para a terceira idade. Este equipamento conta xa cun anteproxecto no que se prevé un presuposto de execución material de 1.900.000€, con este anteproxecto se está a conveniar coa Xunta de Galicia o seu financiamento.

3.2.6. MELLORA DOS VIAIS DE SISTEMA XERAL VIAL 04, 05 E 06 E DA CP-4001.

O PXOM define como parte do sistema xeral viario tres vías de titularidade municipal, que son o Vial 04 que enlaza a estrada AC-433 coa praia de Soesto na que se propón a creación dun gran equipamento de usos do Litoral, o Vial 05 que une Matío e Aplazadoiro, e o Vila 06 que une o núcleo de Coens co de Rens entrando no concello de Vimianzo.

Estas vías contan cun ancho suficiente para cumprir a súa función, plantexando a necesidade de mellora da súa calzada, modificando a súa sección o paso polos núcleos rurais de poboación.

Esta mesma intervención tamén se propón na estrada de titularidade provincial CP-4001 que enlaza a estrada AC-433 co concello de Zas.

3.2.7. ACTUACIÓNS PREFERENTES.

A actuación municipal programada preferente en materia viaria é a execución da nova vía que conectará a zona norte da Vila, V-01, e que servirá de acceso principal aos ámbitos pendentes de desenvolvemento situados ao norte e oeste da Vila de Laxe.

En materia de equipamentos as actuacións preferentes son as referentes ao EQ-10 Campo de Fútbol, EQ-11 Centro da terceira idade e o EQ-14 Cemiterio municipal en Traba.

3.3. ACTUACIÓN PRIVADAS CONCERTADAS.

A Lei 9/2002 regula no seu TÍTULO VIII os convenios urbanísticos, establecendo segundo o seu obxecto convenios urbanísticos de planeamento e convenios urbanísticos para a execución do planeamento. No presente o que nos interesa é o relativo aos primeiros e en concreto no referente aos subscritos entre os municipios con “calquera persoa, pública ou privada,... relativos á formación, modificación ou revisión dun plan de ordenación urbanística”.

As características que deben reunir estes convenios determínanse no artigo 235º.4 da Lei 9/2002:

“a) Só se poderán negociar e subscribir co carácter de preparatorios da resolución e ata o momento no que o procedemento de aprobación do planeamento ou, se é o caso, de súa modificación ou revisión sexa sometido ó preceptivo trámite de información pública.

b) As súas estipulacións só terán, nesta fase, o efecto de vincula-las partes para a iniciativa e tramitación do pertinente procedemento sobre a base do acordo respecto da oportunidade, conveniencia e posibilidade de concreta ou concretas solucións de ordenación. En ningún caso vincularán ou condicionarán en calquera outra forma o exercicio polas administracións públicas incluídas as que sexan parte neles, da potestade de planeamento.

c) Deberá incluírse, entre a súas estipulacións, a cuantificación de tódolos deberes legais de cesión e determinarase a forma na que estes serán cumpridos.

d) A ordenación urbanística derivada do convenio subscrito deberá incorporarse ás correspondentes determinacións e documentos do plan”.

Tamén convén ter en conta o contido no artigo 237º.2 da Lei.

“2. Cando a negociación dun convenio coincida coa tramitación do procedemento de aprobación do instrumento de planeamento co que garde directa relación, deberá incluírse o texto íntegro do convenio na documentación sometida a información pública propia do devandito procedemento...”.

No PXOM da Laxe non se subscribiu ningún convenio urbanístico de planeamento.

3.4. SISTEMAS XERAIS INCLUIDOS OU ADSCRITOS AO DESENVOLVEMENTO DOS SECTORES DE SOLO URBANIZABLE DELIMITADO.

Os reforzos no sistema xeral de infraestruturas e servizos así como no sistema xeral viario necesarios para o desenvolvemento dos sectores ou ámbitos de planeamento foron descritos no apartado 2 precedente. Tal e como se reflicte nese apartado ningún dos ámbitos de solo urbano non consolidado remitido a PERI ten incluídos ou adscritos sistemas xerais de equipamentos ou espazos libres.

En canto aos solos urbanizables delimitados a consecución dos sistemas xerais incluídos ou adscritos dependerán dos prazos establecidos para o seu desenvolvemento.

No apartado 1.2 deste apartado de estratexia de actuación establécense os prazos para a aprobación dos correspondentes plans parciais así como os sistemas xerais incluídos ou adscritos a cada un deles.

Os solos urbanizables a desenvolver no prazo de catro anos, recollidos como actuacións preferentes, son o solo urbanizable nº1 e o solo urbanizable nº 2.

SOLO URBANIZABLE Nº 1.

Ten adscrito o sistema xeral de espazos libre ZV-5- Praia de Laxe que é a intervención máis significativa en canto a futuras dotacións de espazos libres no Concello. Trátase dun ámbito moi céntrico que unirá a Vila de Laxe co solo urbano que se atopa na parroquia de Serantes maioritariamente destinado a equipamentos de carácter público. A súa superficie é de 45.805m² que se sumarán a gran cantidade de espazos libres que se definen no interior do sector.

Incluído no sector está o EQ-10 cunha superficie de 14.600m² destinado a construción dun campo de Fútbol,

SOLO URBANIZABLE Nº 2.

Adscrito ao solo urbanizable nº 2 están os sistemas xerais de espazos libres ZV-9A e ZV-9B, denominados Insua III que completarán o gran sistema xeral previsto na península da Insua, sendo o primeiro a peza que une o gran parque co solo urbano, e o segundo a franxa de terreo situada a menos de 100m da ribeira do mar.

O resto dos solos urbanizables teñen un prazo establecido de seis anos para o seu desenvolvemento.

SOLO URBANIZABLE Nº3

Non se inclúe ou adscribe ningún sistema xeral de espazos libres nin equipamentos.

SOLO URBANIZABLE Nº 4

Ten adscrito o sistema xeral de espazos libres ZV-7, Santa Rosa, que é a consecución como dotación pública dos terreos da ladeira este do Monte de Santa Rosa

que bordea a Vila de Laxe, terreos clasificados como solo rústico de especial protección paisaxística que serven de “telón de fondo” ás edificación do núcleo urbano. A superficie deste espazo libre é de 52.634m² e no seu interior atópase a ermida de Santa Rosa e varios cruceiros, todos eles incorporados no catálogo do PXOM..

Incluído no sector está o sistema xeral de equipamentos denominado EQ-11 destinado á construción dun centro para a terceira idade, ao que xa nos referimos en apartados precedentes.

SOLO URBANIZABLE Nº 5

Este sector de solo urbanizable está destinado a usos industriais e a el non se adscribe ningún sistema xeral.

B. ESTUDIO ECONÓMICO.

Ao igual que ocorre coa estratexia de actuación tamén no artigo 60º determínase, neste caso no punto 3, o contido do estudio económico que debe conter o PXOM:

3. O plan xeral de ordenación municipal contará cunha avaliación do custo de execución dos sistemas xerais e das actuacións previstas, con indicación do carácter público ou privado da iniciativa de funcionamento, xustificando as previsións que cumpra realizar con recursos propios do Concello.

No suposto de que se lles atribúa o financiamento a administracións ou entidades públicas distintas do municipio, deberá acreditarse a conformidade delas”.

Neste senso, no Prego de Prescricións Técnicas que rexe a redacción do PXOM de Laxe establece con precisión os extremos aos que se terá que referir este documento:

- Custo económico previsto, expresando o correspondente a obtención de terreos e execución de obras, así como o total.
- Iniciativa de financiamento: privada ou pública. Se é privada expresarase o ámbito de xestión ó que está vinculada. Se é pública expresarase a Administración ou organismo concreto ó que lle corresponde.
- Para xustificar as previsións de financiamento atribuídas ó propio Concello, realizarase unha análise sobre a capacidade financeira municipal baseada nas previsións de ingresos ou extrapolando os datos de presupostos dos últimos exercicios.
- Para todas as previsións de financiamento atribuídas a outras Administracións, o estudio debe incorpora-la documentación coa que queda acreditado o compromiso daquelas.

1. CUSTO ECONÓMICO PREVISTO PARA CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS DO PXOM.

1.1. PREZOS UNITARIOS:

VALOR DO SOLO:

A maior parte dos terreos de titularidade privada nos que o PXOM prevé actuacións están incluídos nalgunha das áreas de reparto dos ámbitos a desenvolver.

Neste apartado imos establecer os prezos unitarios do solo para calcular os custos económicos da súa obtención.

Para valorar o solo aténdese ao determinado na *Ley 8/2007, de 28 de mayo, de suelo*. A totalidade das actuacións para as que hai que establecer os custos de obtención do solo atópanse na situación básica de “Suelo rural”. Segundo establece a citada Lei no artigo 22º “*Los terrenos se tasarán mediante la capitalización de la renta anual real o potencial, la que sea superior, de la explotación según su estado en el momento al que deban entenderse referida la valoración. La*

renta potencial se calculará atendiendo al rendimiento del uso, disfrute o explotación de que sean susceptibles los terrenos conforme a la legislación que les sea aplicable, utilizando los medios técnicos normales para su producción. Incluirá, en su caso, como ingresos las subvenciones que, con carácter estable, se otorguen a los cultivos y aprovechamientos considerados para cálculo y se descontarán los costes necesarios para la explotación considerada”.

Segundo o Estudio do Medio Rural realizado na fase de información do presente PXOM, no apartado 3.4.3. CULTIVOS E APROVEITAMENTOS, explícase que segundo a consulta do *Mapa de Cultivos y Aprovechamientos* no Concello de Laxe, e en xeral na rexión, a situación agrícola é a seguinte: Os cultivos de outono- inverno son os cereais para gran (principalmente o trigo), o alcacer ou os nabos e praderías, mentres en primavera- verán cultívase millo e pataca.

Observando os datos do ANUARIO DE ESTATÍSTICA AGRARIA DO ANO 2004, publicados pola Consellería de Medio Rural, obtemos os seguintes datos de prezos agrícolas:

- Millo gran	20,43€/100Kg
- Pataca Kennebec	31,20€/100Kg
- Trigo	28,87€/100Kg

Deste xeito consideramos o cultivo de trigo na temporada de inverno e pataca (que é o máis rentable) no estío.

Para obter o rendemento destes cultivos consideramos os datos de superficie cultivada (Ha) e produción (Tm) do anuario de estatística Agraria 2004, na provincia de A Coruña:

- Pataca	21Tm/Ha
- Trigo	2,8 Tm/Ha

O cálculo do rendemento económico por metro cadrado é:

$$\text{Pataca} \rightarrow 21\text{Tm/Ha} \times 31,20\text{€/100Kg} \times 1000\text{Kg/1Tm} = 6.552\text{€/Ha} \quad (0,6552\text{€/m}^2)$$

$$\text{Trigo} \rightarrow 2,8\text{Tm/Ha} \times 28,87\text{€/100Kg} \times 1000\text{Kg/1Tm} = 808,36\text{€/Ha} \quad (0,081\text{€/m}^2)$$

A renta anual potencial calcularase segundo a fórmula:

$$R = I - G - B$$

Sendo: I= Ingresos; G= Gastos; B= Beneficio empresarial

$$R_{\text{pataca}} = 6.552 - (0,6 \times 6.552) - (0,6 (6.552 - (0,6 \times 6.552))) = 1.048,32\text{€/Ha}$$

$$R_{\text{trigo}} = 808,36 - (0,6 \times 808,36) - (0,6 (808,36 - (0,6 \times 808,36))) = 129,34\text{€/Ha}$$

A capitalización da renda calcúlase mediante a fórmula $V=R/i$.

Segundo a Disposición adicional séptima da Ley 8/2007 “reglas para a capitalización de rentas en sulo rural”. Para a capitalización da renda anual real ou potencial da explotación utilizarase como tipo de capitalización a última referencia publicada polo Banco de España do rendemento da débeda pública do Estado en mercados secundarios a tres anos.

Neste caso tomamos o tipo establecido polo Banco de España en mercados secundarios entre dous e seis anos para o 2.007 que é $i= 4,081$.

Polo tanto:

$$V = 1.048,32 + 129,34 / 0,04081 = 28.857,14\text{€/Ha} \rightarrow 2,886\text{€/m}^2$$


Aumentando o 5% de premio de afección o valor unitario do solo non urbanizado establécese en **$V= 3,03\text{€/m}^2$** .

Para a valoración dos terreos a expropiar para o acondicionamento da estrada AC-433, tómase o valor que obra no proxecto redactado pola empresa CIESA para a Consellería de PTOPT que ascende a 917.883,47€.

PREZOS UNITARIOS DA URBANIZACIÓN:


- CONSTRUCCIÓN DE ESTRADAS E VIAIS. PERTENCENTES AO S.X. VIARIO.

Solo Rústico: A sección tipo de vía de sistema xeral en solo rústico componse dunha zona de circulación de 7,00metros (dous carrís de 3,50m) beiravías de 1 metro e gavias. Cun total de 10,00m con 9,00m de pavimentación.



PARTIDA	P.E.M.
- explanación sobreechancho	2,30€/m ²
-base zahorra e subbase macadam	5,51€/m ²
- 2 capas de aglomerado en quente (S20+D12)	9,23€/m ²
TOTAL	17,00€/m²
P.E.C. ≈ 20€/m²	

Solo urbanizado: Calzada de 7,00metros, dúas bandas de aparcadoiro de 2,50m e beirarrúas de 2,00m. O único servizo previsto serían as pluviais, xa que o saneamento está noutro capítulo.



PARTIDA	P.E.M.
- bordiño	8,85€/m ²
-pavimentación e construción beirarrúas	25,96€/m ²
- tubería pluviais i. movemento de terras	17,68€/m ²
TOTAL	52,00€/m²

Núcleos rurais: O custo total por metro lineal de vía de s.x. será o seguinte:

$$\text{- Beirarrúas} = 4\text{m}^2 \times 52,00 \text{ €/m}^2 = 208,00\text{€}$$

$$\text{- Calzada} = 12\text{m}^2 \times 20,00\text{€/m}^2 = 240,00\text{€}$$

$$\text{TOTAL} = 448,00\text{€}$$

Para calcular o custo por metro cadrado dividiremos por 16m².

$$C_c = 448\text{€} / 16\text{m}^2 = 28\text{€/m}^2$$

Solo Urbano, vial tipo de 12m: Vía de 8,20m de calzada e 3,80 m de beirarrúas composto de:

PARTIDA	P.E.M.
- calzada con subbase de zahorra, base de macadam, rega de selado e 6cm de aglomerado en quente tipo S20 en capa intermedia e D12 en capa de rodadura	14,00€/m ²
-beirarrúas de 1,90m de largo con base de formigón, bordiño e baldosa hidráulica	7,70€/m ²
- rede de abastecemento en tubería de fundición de 150mm por un lado do vial	3,12€/m ²
- rede de saneamento en tubería de PVC de 315mm polos dous lados	5,19€/m ²
- canalización rede eléctrica MT/RTB con tres tubos de dobre parede 160mm e un de 125mm	4,40€/m ²
- canalización alumeado e semaforización 2 tubos PVC de 110mm	2,20€/m ²
- alumeado público luminaria calidade media para 8m a tresbolillo e potencia 150/250W	5,70€/m ²
